

A CIDADE, A XENTE E O SEU GOBERNO

Son os tres eixos que conforman Lugo. Tes nas túas mans unha lista de ideas que queremos compartir coa veciñanza nesta campaña. Temos dúas semanas para reflexionar en común se queremos outros catro anos de parálise ou catro anos nos que poñer en marcha un cambio duradeiro, orientado a unha concello distinto.

Este programa que che presentamos é un compromiso, nacido da interlocución coas persoas que fan e son cidade, para construír desde xuño o Lugo que reclamamos. Fíxemolo escoitando á cidadanía e a ela llo presentamos de volta, como algo máis que unha promesa. Con humildade, pero con firmeza, dicimos que Lugo só pode ser ben xestionado polas súas veciñas e veciños. Lugo novo naceu da cidadanía e pode representala e comprendela porque se parece a ela. Porque forma parte dela.

O noso obxectivo é un Lugo pensado para todas as persoas, capaz de xerar riqueza, de xestionar o benestar e de atender correctamente as necesidades diarias da cidadanía. Unha cidade horizontal, porosa coa súa área e o seu país, referente territorial e social, dinámica e viva en cada recuncho, co ollar de volta no Miño e un goberno digno da súa xente.

Un Lugo novo.

Lugo con valentía.

A cidade

O espazo público é o o marco no que desenvolvemos a maior parte das nosas vidas. Debemos prestarlle a debida atención. O seu deseño e o seu desfrute non se entenden sen a participación cidadá. O noso modelo de **cidade é cómoda, verde, aberta e desenvolvida a escala humana.**

Peonalizaremos o Casco Histórico e a Ronda da Muralla. Acabaremos co tráfico rodado por riba da Muralla agás aquel necesario para labores de rehabilitación deste espazo histórico.

Aplicaremos a filosofía do **urbanismo táctico**, orientada á recuperación e reaproveitamento dos espazos urbanos en colaboración coa **ciudadanía**, que debe ser o **actor principal no deseño da cidade** que quere habitar. Esta política orientarase tanto cara a aqueles espazos baleiros ao aire libre como a propiedades públicas en desuso, dotando de novas áreas de socialización, lecer e acceso á cultura á veciñanza.

-A nosa primeira medida nesta dirección será recuperar o **Agro do Rolo** como lugar singular, así como o conxunto do **barrio da Milagrosa**.

-Recuperaremos igualmente o **Carme** mediante un plano específico que conserve o seu valor humano, paisaxístico e medioambiental.

Guiaremos a planificación e deseño urbanos en base a unha filosofía directa e sincera: **a cidade, para as persoas**. Non será o afán especulador o que erga ou derrube edificios en Lugo. É por isto que:

-Revisaremos o vixente **Plan Xeral de Ordenación Municipal** para o Lugo actual e cotián, primando a rehabilitación da nosa cidade sobre un crecemento errático.

-Refaremos o **Plano Especial de Protección do Recinto Interior** (PEPRI), para o cal impulsaremos unha Comisión específica que integre os axentes sociais afectados.

Igualmente, cumpriremos coa demanda cidadá derrubando o Garañón, obra cuxo deseño foi anulado por sentenza xudicial.

-Impulsaremos a adaptación de espazos públicos seguros. Unha **visión feminizada do urbanismo** que plasmar en materia de mobilidade, socialización ou seguridade, dotando a Lugo dun urbanismo non só orientado á produtividade económica, senón aos labores de coidado e de crianza.

- Dotaremos de espazos de convivencia os barrios da periferia.
- Crearemos tres xardíns comestíbeis ou medicinais nos barrios da cidade en varios dos espazos públicos recuperados.

A historia de Lugo non se entende sen a proximidade e aproveitamento do **río Miño**, arteria fluvial de Galicia e importantísimo anaco do noso patrimonio natural e histórico. A cidade leva moito tempo vivindo de costas ao río. O goberno de Lugo novo traballará por derrubar as barreiras materiais e inmateriais que nos arredan do Miño. Tamén, dunha forma máis ampla, por volver conectar a cidade co medio natural que a rodea, tanto na ribeira como no resto dos espazos non urbanizados.

- Recuperaremos o río ligando mediante un **Anel Verde** as zonas de interese medioambiental do noso Concello.
- Aproveitaremos os sendeiros históricos que ligan cidade e río apostando polos traballos de roza, a sinalización e o mantemento da calzada.
- Recuperaremos un amplo terreo próximo ao HULA para dotar a cidade dun novo **espazo de socialización e lecer, reforestación autóctona e zona verde.**

Procederemos a unha **regulación do tráfico e do transporte** para adaptar á nosa cidade a unha escala humana:

- Apostaremos pola **reestruturación do transporte público**, procurando unha frecuencia e deseño de liñas que garantan a conexión de dous puntos da cidade nun espazo de tempo igual ou inferior aos 20 minutos.
- Recuperaremos un **sistema ORA público**, non recadatorio, que permita unha primeira hora de estacionamento gratuíta.
- Reduciremos a velocidade a 30 km/h en toda a zona urbana agás en vías específicas onde polas súas características sexa necesario manter o límite actual.
- Engadiremos lombas para a redución de velocidade naquelas rúas de escasa visibilidade.
- Repintaremos o trazado horizontal de rúas e pasos de peóns.
- Faremos novos **carrís-bici** e conectarémolos de modo coherente, ofrecendo a alternativa da bicicleta como un medio de transporte áxil e cómodo en traxectos urbanos.

O Lugo que queremos é para todas as persoas. Faremos especial fincapé no dereito ao

desfrute da cidade e a súa área por parte dos colectivos de **diversidade funcional**. Transformaremos Lugo nunha cidade Cota Cero a través dunha intervención urbanística inclusiva. Desenvolverémola con base nun Plan Director de Mellora da Accesibilidade:

-Reservaremos unha partida específica e obrigatoria nos Orzamentos Municipais anuais para **eliminar barreiras arquitectónicas** previamente identificadas mediante un censo xerarquizado por nivel de prioridade.

-Adaptaremos con carácter inmediato todos os espazos públicos e municipais para garantir a **accesibilidade de todas as persoas**, garantindo que ninguén sexa privada/o do acceso en igualdade de condicións aos servizos, á cultura, á participación política, ao lecer, etc.

-Adaptaremos o transporte urbano e a sinalización do tráfico á realidade das distintas diversidades funcionais.

-Aumentaremos o número de prazas de estacionamento destinadas ao uso por parte de persoas con diversidade funcional, desenvolvendo unha App que informe da súa ubicación e dispoñibilidade.

Apostamos por un Lugo que coide a súa imaxe e preste atención á **limpeza** e salubridade, como forma de garantir o benestar da cidadanía e como a nosa mellor tarxeta de presentación. A filosofía do Lugo bonito enmarcará a nosa actividade municipal neste ámbito.

-Repintaremos e adecentaremos o **mobiliario urbano** (como bancos, macetas, caixas eléctricas ou peches de soares).

-Regulararemos convenientemente e controlaremos a limpeza e estado de conservación de fachadas e elementos visuais dos edificios, especialmente nas zonas de maior valor patrimonial.

-Aumentaremos os **horarios de recollida do lixo** e o número de contedores naqueles puntos de alta produción de residuos.

-Desenvolveremos unha campaña de Cabichas Cero con cartelería e cinseiros que axuden a manter limpo o chan da cidade.

-Afrontaremos a cuestión do botellón desprazándoo cara a zonas onde non ocasione molestias á veciñanza e ofreceremos alternativas de lecer non baseadas no consumo de alcol á mocidade.

-Regularizaremos a frecuencia dos labores de roza para garantir a salubridade dos

espazos verdes. -Implantaremos un plan piloto de pastoreo urbano destinado á limpeza do terreo que aproveite a potencialidade do medio rural en contornas urbanas. O plan desenvolverase en tres hectáreas do parque do Miño na súa primeira fase.

-Dotaremos as entradas da cidade de espazos para publicidade eliminando os carteis en sinais de tráfico.

-Instalaremos barreiras contra o son en puntos de especial contaminación acústica para garantir o benestar veciñal.

-Situaremos contedores de reducidas dimensións e non invasivos en zonas onde a limpeza debe conxugarse cunha xestión escrupulosa do patrimonio, como é o caso da Muralla.

Lugo non é só unha cidade. É un Concello cunha parte urbana e unha extensa **área rural** onde reside unha veciñanza que historicamente foi deixada de lado na política municipal. Comprometémonos a reducir a fenda de servizos e oportunidades que separa a área urbana da rural en Lugo porque todas as persoas, independentemente da parroquia ou barrio en que residan, posúen os mesmos dereitos.

-Garantiremos un servizo de **transporte no medio rural** nos mesmos termos de comodidade, puntualidade e cobertura territorial que na área urbana.

-Aumentaremos a frecuencia de recollida de lixo e adecentaremos con carácter inmediato os puntos de recollida

-Como ben básico, garantiremos o **abastecemento de auga** e levaremos a cabo un **saneamento**.

-Poremos en marcha de modo efectivo a **Oficina Rural Municipal** para garantir o apoio institucional á actividade agrogandeira e a atención inmediata á veciñanza da área rural.

-Crearemos un **Banco de Leiras** que dinamice a produción agrícola e dea acceso á terra a colectivos especialmente vulnerábeis.

-Impulsaremos o reaproveitamento do **monte en mancomún** co obxectivo de recuperar terras para a agricultura e a gandería.

-Garantiremos, establecendo a súa obrigatoriedade en cada novo exercicio, unha asignación específica a cada parroquia do rural nos sucesivos Orzamentos Municipais.

As cifras do **turismo** en Lugo dan fe da potencialidade da nosa cidade neste sector, pero urxe harmonizar e facer coherente todas as políticas encamiñadas a difundir e

darnos a coñecer no exterior, así como a ofrecer unha alternativa de lecer ás persoas que nos visitan, a través dun Plano Estratéxico de Turismo. Este documento será revisado e actualizado cada 5 anos e marcará as liñas mestras dunha política que enfocaremos do seguinte modo:

- Situaremos a **Oficina Municipal de Turismo** baixo a dirección dun xestor, que traballe de forma coordinada coa área municipal encargada de xestionar a industria turística luguesa.

- Crearemos unha páxina **web de Turismo** en Lugo de carácter específico e independente do portal municipal. Incluiremos nela todos os contidos de interese para o turismo con versións, como mínimo, en galego, castelán e inglés.

- Catalogaremos os recursos turísticos da cidade escolléndoos entre aqueles de tipo patrimonial, cultural e natural que poidan ou deban ter interese turístico.

- Crearemos unha serie de **roteiros ambientais** periurbanos e melloraremos a sinalización dos xa existentes.

- Colocaremos carteis e sinalizacións en todas as ventás arqueolóxicas, incluíndo información en código QR.

- Desenvolveremos roteiros turísticos accesíbeis vía internet, facilitando tamén as coordenadas GPS. Entre estes atoparanse itinerarios que alonguen a visita intramuros coas sendas do Miño-Rato, senda dos Muíños-Camiño Real, entre outros.

- Crearemos unha **rede museística** que, baixo o concepto de “Pasado vivo, cidade-museo”, estableza unha rede coordinada de museos municipais e ventás arqueolóxicas.

- Situaremos, finalmente, Lugo como unha cidade capaz de atraer e fixar un turismo de calidade, non estacionalizado e que se sitúen o noso concello como un lugar para estadias de varios días.

- Crearemos un Centro de Interpretación da Natureza nas Illas do Miño e recuperaremos os muíños, caneiros e batuxos.

Apostaremos claramente polo valor histórico, patrimonial, cultural e económico do Camiño de Santiago ao paso por Lugo. Recuperaremos a **identidade xacobe**a da nosa cidade:

- Restauraremos, sinalizaremos e poremos en valor o **Camiño Primitivo** ao paso por Lugo, e as rutas de Conexión co Camiño do Norte.

- Traballaremos por facer de Lugo un centro de partida da peregrinación a Santiago,

integrando mediante convenio o Museo Catedralicio e o provincial nun proxecto común.

-Interviremos integralmente para adecentar e humanizar a entrada do Camiño Primitivo polo Carril das Flores.

A Xente

Lugo componse de milleiros de persoas que a habitan e constrúen no día a día. A cidade é un **gran fogar** onde ninguén pode quedar fóra da casa. Non entendemos a xestión da cidade senón é colocando as persoas no centro de todos os esforzos.

O **Lugo participativo** que deseñamos a través da filosofía do urbanismo táctico plásmase nunha cidade activa, viva, rexenerada a través da arte, a cultura, o lecer e a participación cidadá. A nosa primeira medida será a **humanización** da cidade por medio de intervencións como a que acometeremos no Agro do Rolo, co obxectivo de crear espazos para que as persoas falen, se coñezan, compartan tempo e conversas. Espazos de lecer e socialización:

-Brindaremos espazos para obradoiros e mostras artísticas e gastronómicas, así como xornadas artísticas e culturais. Estas factorías culturais dinamizarán a vida luguesa e servirán como escaparates creativos para novos talentos.

-Aproveitaremos os espazos hoxe en día baleiros para realizar **feiras, exposicións** e proxectos de persoas emprendedoras e autoxestionados. Daremos soporte material á iniciativa cultural con programacións culturais amplas e coherentemente planificadas.

-Eliminaremos os puntos negros e espazos residuais e inactivos da cidade, aproveitando o espazo e recuperando áreas degradadas.

-Dotaremos de servizos aos barrios e implicaremos á cidadanía no coidado e potenciación do espazo público.

A **economía local** será unha das nosas prioridades. Para atender ás necesidades sociais das persoas precisamos dun dinamismo económico que o goberno local ten que impulsar decididamente.

-Fomentaremos a **producción de proximidade**, artesá e ecolóxica.

-Apostaremos polo **pequeno comercio**, o **comercio de barrio**, as tendas de proximidade que xeran, alén da riqueza económica, unha riqueza afectiva.

-Ofreceremos **asesoramento municipal á iniciativa local**. Crearemos unha Oficina de Axuda á Venda e Promoción do Noso que axude no deseño e venda de produtos e ideas creadas en Lugo.

-Xestionaremos prácticas laborais en sectores de interese estratéxico para a nosa

cidade destinadas a dar oportunidades á nosa mocidade.

-Impulsaremos a creación e establecemento de empresas que creen **valor engadido no sector agrogandeiro**, como aquelas orientadas á transformación do leite ou de produtos do bosque como cogumelos, castañas ou outros froitos.

-Incidiremos nas vantaxes da colaboración e do **cooperativismo** entre produtores a través do impulso de feiras anuais de produtos e tecnoloxía agroalimentaria.

-Crearemos o Día da Flor, un mercado primaveral que contará con exposición e venda de flores, plantas ornamentais e árbores.

A **vivenda digna** é un dereito de todas as persoas. Un dereito que habitualmente non se contempla e que no Lugo actual non se garante o suficiente. O noso obxectivo é garantir unha **vivenda asequíbel** en calquera parte de Lugo para calquera persoa, apostando por un Lugo sen desafiuzamentos.

-Estableceremos un censo de vivenda baleira orientado á creación dunha bolsa de vivendas desocupadas que recuperar para o mercado en réxime de **vivenda social en alugueiro**.

-Realizaremos un estudo sobre a situación da vivenda baleira e o seu estado no Concello de Lugo cara a poder planificar políticas de rehabilitación e de aluguer.

-Estudaremos medidas orientadas a **evitar a degradación de vivendas abandonadas** até o punto de constituir un perigo, sen descartar a vía da expropiación.

-Instaremos á Xunta a modificación da lei de vivenda e solo introducindo o dereito subxectivo á mesma, así como as modificacións necesarias para afrontar a situación das vivendas baleiras e aumentar o parque de vivenda social.

-Axudaremos á **rehabilitación** de vivendas na área rural e centro histórico.

-Ampliaremos as **axudas ao alugueiro** de vivenda, especialmente nos tramos máis baixos de ingresos.

-Facilitaremos alugueiros a baixo custo. Instaremos ao Congreso dos Deputados a unha modificación da Lei de Arrendamentos Urbanos en beneficio dos consumidores regulando as subidas de prezo en zonas urbanas.

-Desenvolveremos programas de **educación financeira** e sensibilización cidadá en colaboración coas asociacións de consumidores para evitar abusos por parte de entidades bancarias.

A **cultura local** é unha fonte de riqueza que sitúa Lugo no mapa, dinamiza a vida

económica e contribúa á creación dun forte orgullo e identidade cidadá. Mediante a posta en valor da cultura e o patrimonio potenciaremos ese orgullo da luguesidade.

-Poremos en valor o noso **patrimonio histórico** máis alá da Muralla, como a Domus do Mitreo, o Castro da Piringalla ou o Círculo das Artes.

-Desenvolveremos sinerxias entre as institucións para que se poidan levar a cabo **intercambios de exposicións** e material nos diversos museos da cidade. Con esta iniciativa daremos máis e mellor uso a infraestruturas mal aproveitadas como o caso do MIHL, que pode xogar no norte da cidade o mesmo papel que xoga o Vello Cárcere no Sur.

-Manteremos e potenciaremos eventos como o **Arde Lucus** e celebracións como **San Froilán**, incidindo no seu **carácter de festas luguesas**, orientadas á cidadanía e abertas á **participación veciñal**. Recuperaremos as aperturas das portas por persoeiros e institucións cidadás, a conmemoración de distintos eventos históricos cada ano e a presenza do rural lugués reforzando o seu carácter tradicional.

-Reivindicaremos o carácter de Lugo como **cabeceira de Galicia** e berce das nosas institucións, dotando dun contido laico, popular e festivo eventos como a Ofrenda do Reino de Galicia, posíbel festa nacional galega.

-Toda a **oferta cultural** municipal será debidamente **difundida** a través de todos os medios ao alcance do Concello, tanto en soporte material como dixital.

-Recuperaremos eventos como Oh e A Candeloria.

-Organizaremos concursos de improvisación entre a mocidade a través do rap battle, o Roast Battle Lugo.

-**Música nos Barrios**: Ampliaremos aos barrios as sesións vermut e actuacións musicais de fin de semana, potenciando a presenza da música local a través de grupos lugueses e da Escola e Banda de Música.

-Desenvolveremos o **Consello Municipal da Cultura** con presenza de entidades e asociacións e actividade real.

-**Descentralizaremos** a actividade cultural por toda a cidade.

-Promoveremos encontros culturais e festivos con cidades irmanadas.

-Recuperaremos os xogos e lecer nas rúas para a **mocidade** a través do programa “Nen@s na rúa”.

O **Campus Universitario** representa outra potencialidade desaproveitada na vida diaria luguesa. Dende o goberno de Lugonovo **consolidarémolo** e integrarémolo no

tecido urbano. Incentivaremos o atractivo da cidade para atraer estudantado e reservaremos partidas de axuda ao alugueiro para persoas que veñan estudar a Lugo.

A promoción e defensa da **lingua galega** será outra seña de identidade do próximo goberno municipal. Lugonovo fai súa a reclamación dos equipos de Normalización Lingüística e da sociedade civil neste aspecto:

-Poremos en valor a lingua propia e fomentaremos o seu uso e prestixio en toda a actividade do Concello e en todos os ámbitos e sectores do municipio. Para isto, crearemos e potenciaremos un **servizo de normalización lingüística (SNL)** estábel, dotado de recursos humanos e suficiente partida orzamentaria, que terá como función planificar, xestionar, executar e avaliar as accións e as medidas axeitadas para o fomento do uso e prestixio do galego en todos os ámbitos sociais.

-Facilitaremos a colaboración do SNL en proxectos supramunicipais desenvolvidos conxuntamente por diferentes servizos de normalización lingüística, co fin de optimizar recursos, ideas e experiencias. Estudaremos a incorporación de Lugo na Asociación de Entidades Locais pola Lingua.

-Crearemos os **Premios á Identidade Galega** Faustino Santalices para recoñecer iniciativas a prol da nosa cultura en todos os ámbitos.

A **promoción do deporte** e dos valores asociados ao mesmo será outra constante do goberno local, a través das seguintes iniciativas:

-Potenciaremos o **deporte de base**, non competitivo, e os deportes alternativos. Habilitaremos o **uso de polideportivos** escolares ou públicos para que poidan ser usados polo **conxunto da cidadanía**. Poremos á disposición da cidadanía a totalidade de instalacións deportivas dependentes do goberno municipal.

-Fomentaremos o deporte en todos os tramos educativos. Impulsaremos a continuidade da práctica deportiva das etapas educativas iniciais no ensino secundario e universitario.

-Fomentaremos o **deporte feminino** a través de partidas específicas. Potenciaremos o deporte feminino lúdico e de competición, consolidando e mellorando os logros conseguidos respecto da figura da muller no ámbito do deporte. Favorecemos os patrocinios e o acompañamento, con financiamento do Programa Muller e Deporte e mantendo a mellora das axudas sociais.

-Situaremos a práctica deportiva e a actividade física no centro das políticas de

benestar e de promoción dunha alternativa saudable de vida.

-Potenciaremos o circuito **Corre con Nós** e o **Medio Maratón Lugo Monumental** como referentes galegos.

-Desenvolveremos o **Programa Deporte na Natureza** e potenciaremos a utilización de espazos públicos abertos para a práctica deportiva e de espaxemento mediante a instalación dun parque de multiaventura nas inmediacións do río Miño. Aproveitaremos espazos públicos con equipamento de petanca ou bochas, tenis de mesa e outros deportes.

-Crearemos un programa municipal de actividades dirixidas ao aire libre en época estival para todas as idades.

-Incidiremos na rehabilitación de espazos xa dispoñibles.

-Desenvolveremos o **Consello Municipal dos Deportes** dando espazo ás asociacións.

Situando as necesidades das persoas na primeira liña de acción política, traballaremos sen descanso dende o primeiro día polo **benestar** das persoas, a **inclusión plena** de todos os colectivos e o desenvolvemento dunha **conciencia cidadá**. A política social do Concello de Lugo planificarase de xeito integral e dando voz aos colectivos implicados.

-Crearemos un **Servizo de Atención Inmediata ás Urxencias Sociais** que reduza as listas de espera e valore a urxencia dos casos a fin de garantir unha reacción rápida, proporcional e adecuada.

-Impulsaremos unha **Renda Mínima de Inserción Social** para garantir unha base digna de subsistencia a toda a cidadanía.

-Impulsaremos a visibilización, inclusión e respecto da identidade de todas as persoas; **mulleres**, colectivo **LGTBI**, **migrantes**... Basearemos a acción municipal nos principios de equidade e na garantía da igualdade de dereitos e oportunidades.

-Impulsaremos unha **feira intercultural anual**, que permita dar a coñecer as culturas das persoas que residen en Lugo e actúen como punto de encontro de distintas identidades. Será o primeiro paso para un Centro de Diversidade Cultural, unha futura ferramenta de inclusión.

-Desenvolveremos un programa municipal de **Atención Plena** nos Centros Socioculturais.

-Poñeremos locais á disposición das asociacións culturais e veciñais en todo o Concello para ofrecer **espazos de día** para persoas maiores e outros colectivos

baseados nunha lóxica de proximidade.

-Implantaremos un **protocolo de atención** para todas as persoas maiores de 80 anos que vivan soas cara evitar situacións de risco e soedade.

-Esixiremos á Xunta axilizar os prazos para a avaliación e resolución á hora de **recoñecer a diversidade funcional**. Axilizaremos a concesión e adxudicación de axudas e materiais como cadeiras de rodas.

-Manteremos unha **interlocución constante** co movemento asociativo que traballa coas distintas diversidades físicas, sensoriais e cognitivas.

-Crearemos un espazo informativo específico na web municipal coas adaptacións oportunas que proporcione información sobre prestacións e recursos adaptados aos distintos tipos de diversidade.

-Traballaremos polo reforzamento de **cláusulas sociais** en todos os contratos públicos municipais que incrementen a inclusión sociolaboral e o apoio a proxectos de formación e emprego.

-Facilitaremos o acceso ao **deporte adaptado** e a promoción de equipo de deporte adaptado, a adaptación dos vestiarios das piscinas e outros equipamentos tendo en conta aos acompañantes así como facilitaremos o apoio nos traslados ata as cadeiras anfíbias. Reservaremos asentos en todos os eventos culturais e deportivos tendo en conta as distintas diversidades e a necesidade de acompañantes ou apoios técnicos. Facilitaremos a inclusión nos servizos de lecer ordinarios, como cursos de natación ou viaxes con apoios.

-Achegaremos ao parque de vivendas municipais **solucións habitacionais** que faciliten a vida independente e autónoma das persoas.

-Impulsaremos unha App que permita a comunicación en tempo real cos servizos de emerxencia, 010 e outros servizos.

-Desenvolveremos un servizo de atención máis eficaz grazas a unha oficina única de Atención ás Persoas con Diversidade Funcional.

-Crearemos un espazo web específico para a mocidade luguesa que funcionará como banco de recursos en relación coa oferta educativa, de lecer, cultural, de transporte, de asociacións e outras.

-Potenciaremos os **Consellos Municipais de Consumidores e Usuarios** como un foro de decisións dotado de medios materiais e persoais. Fomentaremos o papel das Asociacións de Consumidores mediante un plano de actuación local.

-Prestaremos a debida atención á implicación municipal na **cooperación para o**

desenvolvemento, exercendo a competencia en materia de cooperación baixo un enfoque de xénero, de defensa dos dereitos humanos e de sostibilidade ambiental. Garantiremos dotacións orzamentarias suficientes para o desenvolvemento das políticas municipais, tanto de cooperación para o desenvolvemento en países empobrecidos como proxectos de educación para fomentar unha cidadanía crítica, participativa e comprometida.

Na **educación**, somos conscientes do papel das administracións locais á hora de establecer o mellor entorno educativo para a mocidade. Impulsaremos a carón da Xunta a actualización do mapa escolar.

Traballaremos polo **benestar animal**, potenciando unha cidade amábel coas mascostas e todo tipo de animais domésticos.

- Instalaremos máis pipi-cans en diversos puntos da cidade.
- Colaboraremos coa Protectora de Animais e Plantas, evitando os vergonzantes retrasos en pagamentos e obras.
- Levaremos a cabo campañas de esterilización e castración voluntaria de mascotas.
- Prestaremos maior atención ás colonias de gatos, esterilizando o máximo posible.
- Traballaremos polo abandono cero de mascostas. Co gallo do Día Internacional dos Animais organizaremos exposicións de animais da Protectora, doazón de alimentos e charlas sobre concienciación e coidado de mascotas.

O GOBERNO

Facer posíbel o Lugo que vimos de deseñar require dun goberno á altura, centrado nas necesidades das persoas e aberto á participación cidadá sen matices. Tamén debe ser un goberno áxil e disposto para non caer nunha parálise institucional.

O noso primeiro compromiso é o de **poñer a andar novamente a institución** tras anos de escasos avances motivados polas carencias de xestión:

- Reformaremos e actualizaremos a **Relación de Postos de Traballo** (RPT) para cubrir convenientemente as necesidades de persoal do Concello de Lugo.
- Desenvolveremos unha **Policía Local de proximidade** con labores de axuda ao cidadán. Un corpo de seguridade implicado coa cidadanía, próximo a ela, que coñeza as súas demandas e estea en condicións de atendelas con efectividade e rigor. Que aposte pola presenza, polo coñecemento dos problemas sociais e por unha resposta de calidade e preventiva ás situacións diarias.

O executivo de Lugo novo será o da **transparencia** e o da **participación**.

- Impulsaremos a **participación cidadá nos plenos** mediante un Regulamento específico.
- Daremos un apoio decidido aos **Orzamentos Participativos**, con contías económicas notábeis e **contido real**.
- Estudaremos as posíbeis **remunicipalizacións** que poñan de novo en mans públicas aspectos estratéxicos da xestión municipal.
- Descentralizaremos** a administración local dotándoa de presenza directa no rural. Estableceremos un **servizo de tarde** no Concello.
- Crearemos **puntos de atención específicos** de información e xestión de cara á cidadanía, para atender rapidamente as súas necesidades e dúbidas con persoal formado e expertos sectoriais.
- Faremos unha **xestión transparente** con **rendicións de contas** periódicas á cidadanía.
- Impulsaremos a figura do **referendo** como ferramenta deliberativa e vinculante.
- Estableceremos a elección democrática dos alcaldes pedáneos. Desenvolveremos seis **consellos parroquiais** no rural lugués integrando as parroquias actualmente

existentes. Estes órganos consensuarán o investimento municipal nas parroquias, participarán na programación de todo tipo de actividades e contarán cunha partida fixa nos Orzamentos Municipais.

-Impulsaremos a elección do **Valedor do Veciño**.

-Desenvolveremos os consellos territoriais e sectoriais.

A **Lei de Contratos** é a grande ignorada da xestión diaria. Procederemos a cumprila escrupulosamente:

-Poñendo en marcha un rexistro de persoas físicas ou xurídicas de Lugo, ao que poidan acceder todos os autónomos ou pequenas empresas da cidade que queiran ofrecer os seus servizos ou bens e que se utilizará para os contratos menores que son susceptibles de adjudicarse mediante procedementos que non requiren publicidade.

-Introducindo a **contratación pública electrónica**.

-Dotando á estrutura municipal dos recursos organizativos necesarios para a **axilización na tramitación de licenzas** de actividade para a apertura de locais e de obras en domicilios. Nese sentido, aplicaranse criterios flexibles á hora de autorizar pequenas obras de reforma, procurando que estean autorizadas no prazo dun mes, de tal maneira que se facilite a modernización dos locais comerciais e de hostalería.

-Faremos públicos en tempo e forma os contratos menores do Concello.

O goberno da xente ten que guiarse pola procura dun alto grao de **benestar e xustiza social** e non por un afán recadatorio. Garantizar o benestar é o principal labor do goberno local. É por iso que:

-Efectivizaremos a **Mesa contra a Pobreza**.

-Revisaremos as **categorías fiscais do rueiro** a fin de carantir unha fiscalidade progresiva.

-Implantaremos programas específicos de **atención familiar** incorporando perfís necesarios hoxe en día inexistentes.

-Taxaremos o **uso do solo público** polas grandes eléctricas.

-Apostaremos pola **renovación dos polígonos industriais** e as **axudas ao emprendemento**.